

# A Semana da Música de Recimil chega a unha nova cita cunha aposta pola tradición

redacción ferrol | 04 de Noviembre de 2013



Unha gran carpa na praza de Sevilla volverá acoller os concertos daniel alexandre

Unha renovada aposta pola música popular local fai de Recimil o escaparate da tradición local no outono. Mañá comeza a XVI Semana da Música na praza de Sevilla, un evento que reúne a rondallas , corais e bandas de Ferrol e comarca ata o vindeiro venres e está organizada polo Colectivo Social Barrio de Recimil que integra á AVV “El Pilar”; a asociación de mulleres “Barrio de Recimil”, a asociación cultural “Juan Frade”, e aos clubs deportivos “Celtas” e “Ánimas”.

Unha renovada aposta pola música popular local fai de Recimil o escaparate da tradición local no outono. Mañá comeza a XVI Semana da Música na praza de Sevilla, un evento que reúne a rondallas , corais e bandas de Ferrol e comarca ata o vindeiro venres e está organizada polo Colectivo Social Barrio de Recimil que integra á AVV “El Pilar”; a asociación de mulleres “Barrio de Recimil”, a asociación cultural “Juan Frade”, e aos clubs deportivos “Celtas” e “Ánimas”. A iniciativa conta co patrocinio do Concello de Ferrol. Así, a cita baixo unha gran carpa ábrese ás 20.00 horas a cargo do subdirector e delegado da Voz de Galicia en Ferrol, Carlos Agulló. A continuación será a Banda de Música do Concello de Ferrol, dirixida por Narciso

Pillo, quen entre en materia.

O mércores o programa volve principiar ás 20.00 horas e nesta ocasión será outro clásico da música local, o Real Coro “Toxos e Froles” dirixido por Manuel Amorós Romero, quen abra a xornada. A el seguirá o coro “Diapasón” que dirixe Juan Brage Rabina, para rematar a xornada coa coral polifónica “Armonía”, a cuxo fronte está Miguel Brotóns Pérez, quen despide este segundo día de actividade que terá ao tenor Antonio Ruibal “Caruso” como presentador sobre o palco instalado na praza de Sevilla.

A xornalista e avogada Pepa Antón será quen presente as actuacións do xoves. Estas principiarán pola rondalla Añoranzas que dirixe Juan Hernández. A ela seguirá o coro cedeirés “Eixil” que dirixe Javier Díaz Carrasco. Despedirá esta terceira xornada, ao redor das 21.30 horas, a rondalla do Clube de Campo que desde hai anos dirixe José Maniel Couce Fraguela.

O venres remata o programa musical de Recimil que ás oito da tarde principiará coa rondalla “Bohemios” que ten en José Miguel Calabuig ao seu director. Ao redor das 20.45 horas será a segunda da coral polifónica do Casino Mugarés que dirixe Miriam Fernández-Pareja Marin, para rematar a semana musical a coral polifónica “Sonidos del Alba” con David Sanmartín de máximo responsable. Esta xornada de despedida terá como conductora a María del Pilar Rodríguez Venancio. n

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/semana-da-musica-recimil-chega-nova-cita-cunha-aposta-pola-tradicion/20131103224150064134.html>

**DiariodeFerrol.com**

© 2013 Diario de Ferrol

Copyright © 2012 Noticias de Ferrol, Galicia, España y del mundo - Diario de Ferrol. Todos los derechos reservados. Diseño y Adaptación: Openhost - [www.openhost.com](http://www.openhost.com)

Desarrollado por OpenHost con:

